


Obxectivos

- ✳ Apoiar a formación académica do alumnado.
- ✳ Garantir o acceso do alumnado a toda información necesaria para o seu proceso formativo.
- ✳ Acadar a integración da biblioteca como eixo central de toda a formación académica e que sexa asumida como tal por toda a comunidade educativa.
- ✳ Apoiar e deseñar actividades de promoción da lectura no noso centro.
- ✳ Garantir que o alumnado domine as técnicas de busca de información en calquera soporte e en calquera biblioteca.



Actividades

- ✳ Formación do alumnado na busca documental.
- ✳ Concursos: postais, marcapáxinas, cartas, poemas e relatos de amor, murais.
- ✳ Guías de lectura.
- ✳ Exposicións.
- ✳ Club de lectura Bibliotero.

CDU (CLASIFICACIÓN UNIVERSAL DECIMAL)

0. ENCICLOPEDIAS E DICCIONARIOS.

1. FILOSOFÍA, ÉTICA e PSICOLOXÍA.

2. RELIXIÓN. MITOLOXÍA.

5. CIENCIAS.

- 51. Matemáticas.
- 52. Astronomía.
- 53. Física.
- 54. Química.
- 55. Ciencias da terra.
- 56. Fósiles.
- 57. Bioloxía.
- 58. Botánica.
- 59. Zooloxía.

6. CIENCIAS APLICADAS. TECNOLOXÍA.

7. BELAS ARTES. XOGOS. ESPECTÁCULOS. DEPORTES.

- 74. Arquitectura.
- 75. Pintura.
- 76. Música.
- 77. Fotografía.
- 78. Música
- 78. Cine, Radio. TV.
- 79. Deportes.

8. LITERATURA. LINGUAS.

- 802. Lingua e literatura en inglés.
- 804. Lingua e literatura en francés.
- 81. Lingua de signos.
- 860. Lingua e Literatura en español.
- 869. Lingua e literatura en galego.

9. XEOGRAFÍA. BIOGRAFÍAS. HISTORIA.

- 91. Xeografía.
- 912. Atlas xeográficos.
- 92. Biografías.
- 93. Historia Universal
- 930. Atlas históricos
- 94. Historia de España
- 95. Historia de Galicia.
- 96. Historia da Coruña



☞ Nos recreos.

- ✳ Para recoller ou devolver libros.
- ✳ Para ler.
- ✳ Para facer consultas.
- ✳ Para estudar.

☞ Nas horas de clase.

- ✳ Para que grupos completos traballen baixo a dirección do seu profesor ou profesora.

☞ Os mércores pola tarde.

- ✳ Para todo o alumnado que queira traballar nela.

A nosa biblioteca

A Biblioteca do IES Ramón Otero Pedrayo está situada na planta baixa do instituto, nun local de aproximadamente 50 m². Conta con 42 postos de lectura, repartidos en dúas zonas diferenciadas:

Zona de libros de lectura.

Fundamentalmente en galego e castelán.

Zona de libros de consulta. Dicionarios, enciclopedias, atlas e libros temáticos en xeral.



Fondos

- ✧ Máis de 7 000 volumes (libros, dicionarios, enciclopedias, CDs, CD-Roms, DVDs, vídeos).
- ✧ Xornais (*La Voz de Galicia*, *El País*).
- ✧ Revistas (*Qué leer*, *Muy interesante*, *Educación y Biblioteca*).



Normas xerais

- ✧ Na biblioteca debemos gardar o maior silencio posible para non molestar as persoas que estean estudando ou lendo.
- ✧ Manter a biblioteca en orde é unha tarefa de todos, así que cando marches procura deixar a cadeira no seu sitio e os xornais e revistas ordenados no lugar que teñen asignado.
Devolve os libros ao sitio onde os coliches ou, se non sabes con seguridade onde colocalos, déixaos na caixa que hai para tal fin.
- ✧ Non se pode comer nin beber na biblioteca.



Servizos da biblioteca

Lectura e consulta en sala.

- Na biblioteca podes consultar os libros, revistas, xornais, etc. que queiras, pero cando remates tes que deixalos no seu lugar. Se non lembrás onde tes que colocar os libros, déixaos na caixa que hai na mesa de xestión da biblioteca.
- Os libros non se poden sacar da biblioteca salvo que sexa como préstamo ou para consultar na aula.

Servizo de préstamo.

- Podes levar en préstamo libros de lectura, xornais ou revistas durante un período máximo de 7 días. Os CDs e DVDs só se poden levar en préstamo durante a fin de semana, de venres a luns. Pasado ese tempo tes que devolvelos á biblioteca.
- Podes ter en préstamo dous materiais, pero pensa nos demais e non leves máis dos que vayas utilizar. O préstamo dos libros pódese renovar durante outros 7 días, sempre e cando non sexan requiridos por outras persoas.
- Os préstamos e devolución faranse durante os recreos. Debes cubrir unha ficha de préstamo e entregarlle á persoa responsable de biblioteca. Cando fagas a devolución tamén debes darllos á persoa que nese momento se ocupe da biblioteca e comprobar que realmente se toma nota da túa entrega.
- Se incumpres reiteradamente os prazos de devolución, perderás o dereito a levar materiais en préstamo durante algún tempo.
- O deterioro ou perda dos materiais, suporá a súa reposición ou aboamento do seu custo en metálico.